




‘O mono no espello’: o mito do neno selvaxe

¿Ninguén pensou na sorte deses nenos que se perden na praia? O protagonista de *O mono no espello* é un solitario profesor obsesionado coas súas lecturas que ten información de primeira man ó rescatar do desamparo a un misterioso cativo que ninguén foi recoller á caseta de socorrismo coa chegada da bocanoite. Revisión posmoderna do neno-selvaxe, este libro de Xabier López López que agora publica Sotelo Blanco é unha novela que mestura intriga, humor e obsesión existencialista pola miorada do outro, esa que “nos deforma e crea de novo a cada instante”. Esta forza camaleónica, presente en toda a obra deste autor cala tamén na propia atmosfera da narración: o que comeza como observación case costumista, achegada mesmo ó voyeurismo, cobra paseniño un alento sonámbulo, abafante, para debuxar ós poucos unha xeografía fantasmagórica inzada de simbolismos. Sen embargo, neste xogo de reflexións e refraccións, de sombras chinesas, de aparencias, nese labirinto interior onde sopran de cando en vez os ventos do surrealismo e do absurdo, faise recoñecible unha realidade próxima e desalentadora. Porque esta novela non é só un relato a medio camiño entre o fantástico e o alegórico, o reencontro co noso eu máis oculto, senón unha desesperada, e por veces sarcástica disección dese casulo que o home de hoxe teceu ó seu redor para preservarse da derrota e da soidade. Con esta novela, Xabier López gañou o Premio Lueiro Rei do Concello do Grove.